




Ilustración 1: Xosé Neira Vilas de Santos Díez (Fonte AELG)

MEMORIAS DUN NENO LABREGO

GUÍA DE LECTURA

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

CPI DE SAN SADURNIÑO

Biografía

Escrebe unha breve biografía do autor.

Argumento

Resume o argumento. Máximo un folio.

Tema ou temas principais

Sinala cal ou cales son os temas principais.

Estrutura externa

Está dividida a novela en capítulos? De ser así, indica cantos son.

Narrador

Indica que tipo de narrador presenta a novela.

Personaxes

Cal ou cales son os personaxes principais? Son redondos ou planos?

Tempo

A sucesión de acontecementos dunha novela implica a existencia de dúas temporalidades:

- Tempo da historia.

É a sucesión temporal en que se desenvolven os acontecementos narrados (anos, días, horas...).

- Tempo do discurso.

É a organización narrativa da cronoloxía dos sucesos. Neste apartado deberás indicar se se trata dunha narración lineal ou se hai saltos cara atrás (analepses) ou cara adiante (prolepses).

Estilo

Analiza os trazos da linguaxe empregada polo autor, os modos do discurso (narración, descrición e diálogos) e os recursos estilísticos. Podes ter en conta algúns dos seguintes aspectos:

- Entre as principais características da prosa de Neira Vilas destaca a proximidade da súa linguaxe á fala popular: léxico rico, sintaxe sinxela, etc.. Sinala algún exemplo.
- As tres formas posibles en que se pode presentar o enunciado, é dicir os modos narrativos son: a narración, a descrición e o diálogo. Sinala algún exemplo de cada un dos modos do discurso presentes na novela e indica cal ou cales predominan.

Valoración persoal

Debes expresar as túas impresións razoadas sobre a novela neste apartado. Podes ter en conta os seguintes aspectos:

- As novelas e os relatos de Neira Vilas adoitan encadrarse na liña do socialrealismo. Indica de que maneira se reflicte este na novela.
- A obra narrativa do escritor de Gres centrase no mundo rural ou no da emigración frecuentemente. Ocorre así nesta novela? Por que?
- De que forma condiciona a Balbino a sociedade na que vive? E quizais, a súa unha mirada inxenua aínda que crítica? Razona a resposta.
- Quedáballe a Balbino outra solución que non fose a de irse da casa. Razona a resposta.
- En resumo: cal é a túa opinión persoal e razoada sobre a novela respecto ao contido, a forma e a linguaxe empregada?

Bibliografía e webgrafía

QUEIXAS ZAS, Mercedes (2016): *De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal*. Xerais. Vigo.

Xosé Neira Vilas na web da AELG

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/xose-neira-vilas>

Xosé Neira Vilas na Biblioteca Virtual Galega

http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=XosNeira

“Coma quen dis un ninguén. Escritores de varias xeracións explican como leron *Memorias dun neno labrego*” no suplemento de Luces de “El País” (17/12/2010).

http://elpais.com/diario/2010/12/17/galicia/1292584705_850215.html